

# CCOO e UGT



CONSECUENCIAS  
DO ACORDO  
ASINADO POLOS  
SINDICATOS CCOO E  
UGT COA PATRONAL

## venden a clase traballadora

A sinatura do acordo para a negociación colectiva asinado en Madrid o mércores 25 de xaneiro con vixencia até o 2014 vai provocar, no mellor dos casos, una perda aproximada de 3000€ nos salarios de cada traballador e traballadora nestes catro anos, que ademais non seremos capaces de recuperar. A maiores pactan una perda de dereitos no referido á xornada de traballo e á mobilidade interna. Por que?

Primeiro, renuncian ao IPC como referencia para a actualización dos salarios, tal e como viña reclamando hai meses a Patronal. A subida dos prezos era aceptada por todos como o indicador máis fiable para evitar a depreciación dos salarios. Se os prezos soben, os salarios deben subir como mínimo na mesma medida para non perder capacidade de compra. Se non se aplica isto os salarios depréciense e empobrecémonos.

Para este ano aprobaron un 0,5% e no 2013-14 un 0,6% dependendo do PIB (produto interior bruto), non do IPC. No mellor caso, calculando estas cifras co IPC previsto para estes anos, incluíndo 2011, perderemos máis dun 4%. Esta porcentaxe nos salarios destes anos representa máis de 3000€. Se a isto sumamos a suba do IRPF, a perda pode superar os 4000€ neste período.

Ademais pactan unha flexibilidade na xornada laboral do 10% no ano. Polo tanto, aproximadamente 20 días que a empresa pode cambiar discrecionalmente. Non saberemos entón en que días traballaremos máis horas. O persoal con contrato temporal sufrirá especialmente este abuso, pois as horas que traballe de máis, seguramente non as descansará nin as cobrará, e se as reclama non lle renovarán o contrato. Por se fose pouco, en diferentes supostos e se a “perspectiva” da empresa o aconsellase, poderase suspender a aplicación do convenio en salarios, xornada, etc.

UGT e CCOO venderon a clase traballadora unha vez máis. Hai un ano reduciron as nosas pensións, e nestes dez últimos anos xa perdemos salario polos pactos de negociación colectiva que asinaron cada ano cos empresarios. A propia OCDE xa valoraba no seu informe de 2009 que os salarios nestes anos no Estado Español foron os que menos creceron da UE. Contrariamente, os beneficios das empresas foron os máis altos da UE. Venden a clase traballadora para manter os seus privilexios.

Con salarios baixos non se recupera a economía nin se fai máis competitiva. Como sabemos, os países en peor situación en Europa son os que teñen os salarios máis baixos, Portugal, Grecia, Italia, Irlanda, Estado Español. Pero as máis grandes empresas do IBEX tiveron os beneficios máis altos da historia, 64 mil millóns de euros no 2010. Repsol, Telefónica, BBVA, Santander ou Inditex desviaron máis de 100 mil millóns de euros a paraísos fiscais a través das súas filiais en Suíza, Luxemburgo, Mónaco, Andorra, etc. para non pagar impostos. Con este diñeiro poderíase crear máis dun millón de empregos.

O pasado 28 de decembro ao mesmo tempo que o Goberno aprobaba a suba do IRPF aos traballadores e traballadoras, aprobaban unha axuda en avais de 100 mil millóns para a Banca. Sácanlles o diñeiro aos pobres para darllo aos ricos e nisto colaboran UGT e CCOO con este pacto.

Dende a CIG levamos todos estes anos loitando contra estes pactos de CCOO e UGT, e nos convenios nos que teñamos maioría seguiremos aplicando o IPC e evitando estas fraudes. Non colabores con eles, retíralles o apoio, xa non son sindicatos, son instrumentos ao servizo dos ricos e con estas medidas afóndase máis na crise e nas desigualdades sociais.